



C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 16 DE DECEMBRO DE 2015

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Moeche, sendo as 8 horas do día 16 de decembro de 2015, baixo a presidencia Sra. Alcaldesa D^a. Beatriz Bascoy Maceiras, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Magin Fernando Lago Tuimil
- D^a Iria Couce Rego
- D. Jose Manuel Soto Sanchez
- D. Juan Carlos Rodriguez Lago
- D. Xulio Cribeiro Garcia
- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Aquilino Sueiras Dopico
- D. Rocio Luaces Antón.

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, pola Sra. Alcaldesa declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. POS 2016.

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe:

Vistas as Bases reguladoras do Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña, así como a cantidade asignada a este Concello de Moeche dentro do mesmo, que ascende a cantidade de 121.551,16 Euros, por esta Alcaldía proponse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Pavimentación e mellora camiños Lavandeira-Abade, accesos a San Xíao e outros	49.047,99	0,00	49.047,99
Pavimentación da pista da Pontenova e outros	47.502,99	0,00	47.502,99
SUBTOTAL OBRAS	96.550,98	0,00	96.550,98

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputation
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	25.000,62
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	25.000,62

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIONES	96.550,98	0,00	96.550,98
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	25.000,62		25.000,62
TOTAL	121.551,60	0,00	121.551,60

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entendera aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento. ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Pleno, non obstante acordará o que estime pertinente

Aberto o debae, intervén o **Sr. Cribeiro García**, que manifesta en primeiro lugar a súa protesta polo incumprimento da lei que regula a conciliación da vida laboral e familiar dos traballadores que establece que non se celebrarán reunións fora do horario laboral, manifestando, non obstante a súa conformidade co horario elixido, e pregunta o Concelleiro de obras cales foron os criterios que se seguiron para elixir as obras a incluír no POS, resposta a Sra Alcaldesa, **D. Beatriz Bascoy**, que sinala que, salvo para os que estean de vacacións, as 8,00 da maña entran dentro do horario laboral dos concelleiros, a continuación intervén o **Sr. Lago Tuimil** que indica que as obras a incluír as elixiron os veciños nas asembleas veciñais que se celebraron e logo, entre elas, decidíronse polas que eran mais urxentes.

Sometida a votación a proposta antedita, resultou aprobada por unanimidade dos asistentes

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL, PAS 2 0 1 5

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe

Vistas as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña, así como a cantidade asignada a este Concello de Moeche dentro do mesmo, que ascende a cantidade de 165.751,58 Euros, por esta Alcaldía propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

1.- Participar no Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou os pregos das subministracións

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Reordenación e mellora exteriores colexio	44.839,74	0,00	44.839,74
Acondicionamento e melloras na area recreativa e no entorno do castelo (espazos públicos abertos)	75.961,22	0,00	75.961,22
Subtotal investimentos de carácter social	120.800,96	0,00	120.800,96



B) Outros financiamentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Pavimentación e mellora dos camiños de Vigo Casalousada, San Ramón-Balocos, OPumariño e outros	44.936,58	0,00	44.936,58
Suborbital outros investimentos	44.936,58	0,00	44.936,58

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	120.800,96	0,00	120.800,96
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	44.936,58	0,00	44.936,58
TOTAL	165.737,54	0,00	165.737,54

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Adquisición e instalación marquesiñas e cerramentos para colectores de residuos	30.243,95
TOTAIS	30.243,95

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entendera aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento. ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

O Pleno, non obstante acordará o que estime pertinente

Aberto o debate, intervén o **Sr. Cribeiro** que pregunta cales foron os criterios para elixir estas obras, e indica que este concello non fai ningún gasto para fines sociais, Resposta en primeiro lugar a **Sra. Alcaldesa** indicando que nos 6 meses de goberno incrementouse nun 60% a prestación do servizo de axuda no fogar, que as obras a incluír no PAS tiñan que ser, polo menos un 60% para fines sociais e que o igual que no caso anterior, foron obras propostas polos veciños e logo priorizaron as mais importantes. Intervén o Sr. Lago Tuimil que indica que o mesmo caso e o da obra de Pavimentación e mellora dos camiños de Vigo Casalousada, San Ramón-Balocos, OPumariño e outros.

Sometida a votación a proposta antedita, resultou aprobada por unanimidade dos asistentes

E, non habendo mais asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesion sendo as 8 horas e 20 minutos do dia indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pº
A ALCALDESA



Asdo. Beatriz Bascoy Maceiras

A SECRETARIA



